



## 1. DATOS DA ACTIVIDADE

**NOME:** A Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia

**GRUPO:** Servizo de Estudos, Investigación e Publicacións

**ÁREA:** Históricos EGAP

<b>CUALIFICACIÓN:</b>	ASISTENCIA	<b>PLAN:</b>	HOMOLOGADO	<b>HORAS:</b>	24
<b>ADMINISTRACIÓN:</b>	AU CI	<b>ESTADO:</b>	CONVOCADO	<b>ANO:</b>	2009
<b>MOD.IMPARTICIÓN:</b>	PRESENCIAL	<b>TIPOLOXÍA:</b>	XERAL	<b>EDICIÓNS:</b>	1

**DATA MATRÍCULA:** Do 23/12/2008 - 00:00h ao 05/01/2009 - 23:59h

**RESPONSABLE:** []

## 2. DESCRICIÓNS

### DESCRINCIÓN CURSO

Análise da Lei 9/2007, de 13 de xuño, con especial incidencia na xestión e no proxecto de regulamento que desenvolverá dita lei desde un punto de vista técnico xurídico e xurisprudencial.

A materia presenta especial interese científico e técnico e ten por obxecto proporcionar cualificación no ámbito da xestión pública. Neste sentido, todos os funcionarios están potencialmente interesados en coñecer e dominar as modificacións e novidades habidas no réxime xurídico que lles resulta de aplicación.

O coñecemento desta materia redunda no mellor exercicio profesional, ao versar sobre aspectos que afectan directamente á xestión administrativa.

### DESTINATARIOS

Esta acción formativa ten como destinatario, preferentemente, o persoal ao servizo da Xunta de Galicia relacionado coa xestión de subvencións, en especial os funcionarios dos grupos A e B e o persoal laboral dos grupos I e II. Tamén poder ser destinatarios de esta actividade o persoal dos entes do sector público autonómico (fundacións, empresas ou sociedades, etc...) nos que se leve a cabo concesións de axudas que se rexan pola citada lei de subvencións.

### PROGRAMA

**MÓDULO I:** A subvención: concepto, caracteres e principios. Elementos subxectivos das subvencións: entes subvencionadores, entidades colaboradoras e beneficiarios da subvención.

**MÓDULO II:** Axudas do Estado. Especial referencia á normativa comunitaria.

**MÓDULO III:** As subvencións fronte a outras figuras xurídicas afíns: especial referencia ás doazóns modais, ás bolsas, premios, patrocinios e investimentos inmateriais.

**MÓDULO IV:** Procedementos de concesión de subvencións e bases de convocatoria.

**MÓDULO V:** Aspectos xerais de xestión orzamentaria: créditos orzamentarios, modificacións orzamentarias, execución orzamentaria. Xestión orzamentaria de subvencións: tipos de subvención, xestión por procedementos de adxudicación (concorrenza competitiva, concesión directa e subvencións nominativas). Casos especiais (pagamentos a conta, tramitación anticipada e compromisos futuros, incorporación e imputación de créditos, autorización polo Consello da Xunta de Galicia).

**MÓDULO VI:** Xustificación, reintegro e comprobación de subvencións. Infraccións e sancións en materia desubvencións. Control financeiro das subvencións

### CRITERIOS DE SELECCIÓN

A selección dos participantes será realizada pola Asociación de Letrados da Xunta de Galicia, a quen lle corresponde a dirección e responsabilidade académica do curso, respectando en todo caso os criterios selectivos sinalados con carácter xeral na resolución da Escola Galega de Administración Pública do 4 de xaneiro de 2008 (Diario Oficial de Galicia n.º 7 do 10 de xaneiro de 2008).

A EGAP publicará no seu sitio Web os admitidos neste curso.

### 3. DATOS EDICIÓNS

#### SANTIAGO

**LOCALIDADE:** SANTIAGO DE COMPOSTELA

**INICIO / FIN:** 12/01/2009 a 21/01/2009

**NUM. PRAZAS:** 25

**ESTADO:** NORMAL - (DIPLOMAS EM.)

**DATA EXAME:**

#### DOCENTES NOMEADOS

BEATRIZ ALLEGUE REQUEIJO

ANTONIO-MANUEL MIÑO LÓPEZ

María Isabel Novo Castro

ALFONSO GARCIA MAGARIÑOS

MIGUEL CORGOS LÓPEZ-PRADO

ELENA MUÑOZ FONTERIZ